

A INSTITUCIONALIZACIÓN DO DISCURSO LITERARIO GALEGO (1975-1990)¹

Xoán González-Millán
City University of New York

1. Análise institucional.

A aplicación do paradigma institucional á análise da produción literaria subliña a relevancia dunha serie de factores que normalmente son relegados e incluso silenciados por outros modelos críticos. A súa operatividade resulta especialmente eficaz no contexto de culturas marxinais e periféricas, nas que se observa unha configuración deficitaria, debida en gran parte a relacións de dependencia sociocultural, política e económica. A análise institucional cuestiona especialmente a existencia dunha hipotética entidade literaria en abstracto, e propón como ámbito de estudo as prácticas discursivas específicas que operan á vez sobre a linguaxe e sobre o imaxinario. Un paradigma semellante obstaculiza lecturas excesivamente idealizadas da produción literaria, e facilita a identificación das prácticas concretas que a definen en relación cos outros espazos discursivos (Bennett, 1990).

Para que un discurso funcione como tal é necesaria a intervención institucional dun me-

1.- Nota: as referencias ás publicacións de frecuente periodicidade (xornais, semanarios ou revistas de aparición mensual) danse no mesmo texto, para evitar un exceso de información na bibliografía final. As siglas utilizadas correspóndense ás seguintes publicacións:

ANT: A Nosa Terra

CG: El Correo Gallego

D-16: Diario 16 de Galicia

FV: Faro de Vigo

VG: Voz de Galicia

o discurso que legitime o seu comportamento. Ambos os dous, o discurso e o metadiscurso, forman parte dun espazo social, estruturado segundo principios de institucionalización que tenden a legitimar a súa arbitrariedade. Esta hipótese inicial require traballar cunha concepción do texto literario semellante á que propón R. Fowler en *A Dictionary of Modern Critical Terms*:

Discourse theory conceives of the literary work as an instance of the historically variable institution of literature, an institution which mediates relations between writer and reader in different ways at different times, and in so doing, echoes, transforms, or challenges the uneven distribution of power within society (1990: 66).

É necesario engadir, sobre todo no contexto de sociedades marxinais, que os axentes institucionais, que teñen como obxectivo prioritario garantir a efectividade da práctica discursiva mediante a súa legitimación como práctica social e a elaboración dunha ortodoxia específica, non abranguen a totalidade das prácticas literarias dunha sociedade nun período definido, senón aquelas que, segundo Peter Bürger, exercen determinadas funcións:

The literary institution serves special purposes in the social system as a whole; it develops an aesthetic code functioning as a boundary against other literary practices; it claims an unlimited validity (it is the institution which determines what in a given period is regarded as literature). The normative level is at the center of a thus defined concept of institution, because it determines the patterns of behavior both of the producers and the recipients. [...] Thus literary debates are of great importance: they may be regarded as struggles to establish the norms of the literary institution. We may interpret these struggles as the often contradictory expression of social conflicts (1983: 422).

C.J. van Rees ofrece un inventario máis concreto, no que figuran «organizations involved in the material production and distribution of literature [...]; councils which advise national and local authorities [...]; and the somewhat loosely organised groups of people who seek to specify and propagate conceptions of literature» (1983: 292). Estes axentes específicos aspiran a delimitar un espazo autónomo e autorregulado, fronte a outros axentes que, dentro ou fora do mesmo ámbito discursivo, intentan impoñer a súa propia normativa?. O mesmo C.J. van Rees propón como punto de partida para unha análise do comportamento dos axentes institucionais o estudo das estratexias utilizadas para definir e clasificar os diversos sistemas de codificación literaria:

Texts owe their literary or aesthetic [...] character to the fact that specific social groups and institutions subject them to a valorisation process; instrumental to this process are the conceptions of literature adopted by these groups and institutions. A conception of literature is a set of normative statements on the properties which texts ought to possess to be reckoned as literary and on the function to be assigned to literature (1983: 286).

Privilexiar a atribución de calidade como o enfoque metodolóxico nunha análise institucional da produción literaria pode resultar na omisión de varios dos seus aspectos relevantes, porque as institucións non teñen como fin exclusivo a definición normativa do que debe

2.- Na análise institucional convén distinguir, como propón Marc Angenot, entre a institución propiamente dita, constituída por: toda a especie de norma, de convención e de sistema de representacións que regem a ordem social e mantêm nomeadamente o modo de produción e as divisións de clase que dele decorren, [...] [e o aparello, representado polos] tipos de poder (poderes repressivos «MBO» materiais «MDNM» e poderes simbólicos) que aseguran a manutención, a reprodución e a adaptación relativa da propia institución (1984: 38-39).

ser un texto literario, se ben é certo que neste proceso invisten moitas das súas enerxías. Ademais, unha lectura institucionalista do fenómeno literario debe responder á cuestión sempre aberta da creación textual, se quere evitar interpretacións sesgadas ou hipertrofiadas, como reconece Alain Viala na seguinte descrición:

La création textuelle s'accomplit à travers un ensemble de primes. Prisme de la langue et de la psychè de l'auteur, mais aussi primes constitués par la structure même du champ et, au sein de celui-ci, par les codes particuliers de chaque institution et par les relations des institutions entre elles. Prismes, aussi, des compétences et attentes des lecteurs, lesquels subsistent à leur tour les effets du code des genres, des réputations établies par les critiques, des habitudes de pensée acquises au cours de leur formation (1985: 10).

A valoración literaria dunha manifestación discursiva determinada non se esgota na súa asignación estética; noutras palabras, a importancia asignada a este valor non debe silenciar outras propiedades que calquera sociedade, nun momento determinado, pode considerar relevantes para definir un texto como literario. Incluso en situacións nas que se experimenta un alto grao de coincidencia conceptual en canto a que debe ser un texto literario, pode haber ostensibles variacións na forma como é utilizado polos diversos grupos sociais: un mesmo texto ofrece múltiples, e ás veces contradictorias, lecturas se é sometido a procesos hermenéuticos distintos (a obra poética de Rosalía de Castro como exemplo emblemático da literatura galega)³.

Estas consideracións iniciais suxieren a necesidade de superar unha visión estática e monopolista do funcionamento dos axentes que interveñen na institucionalización literaria. Toda institución, por definición, é contingente e conflictiva, porque intenta presentar como natural a inevitable arbitrariedade da súa normativa. No caso do espazo literario, e das prácticas artísticas en xeral, as tensións tradúcense na oposición entre a ortodoxia oficial e a(s) heterodoxia(s) marxinais, e máis concretamente nas dispares canonizacións de textos e xéneros, e, en última instancia, na definición mesma do que debe entenderse por literatura⁴.

O alto nivel de conflictividade interna do sistema literario galego, e a súa institucionalización deficitaria, débense en gran parte á súa dobre condición de marxinal e periférica, e á

3.- Segundo J. Dubois: l'institution définit, à chaque étape de son histoire, des lectures (c'est-à-dire des significations) et modes de lecture. Elle définit donc des codes pour l'usager, et à travers ces codes passent les luttes pour la définition du légitime et la détention du pouvoir symbolique (1978: 127).

Esta hipótese de Dubois subliña un aspecto importante no proceso de institucionalización do sistema literario galego. Se cada período recompón, como parte da súa transformación, a lóxica dos diversos modos de recepción, incorporando novos códigos que se constitúen como resultado dos diversos mecanismos de produción simbólica colectiva, non debe estrañar a crecente diversificación de interpretacións a que está sendo sometida «MDBO» «MDNM» toda a historia da literatura galega, sobre todo a partir de 1975. A década dos 80 permite observar cambios profundos nos máis diversos aspectos da institucionalización do feito literario galego, dende a intervención de novos axentes ata a definición mesma do que é (pode, ou debe ser) un texto literario.

4.- Clément Moisan defende esta visión conflictiva da historia da institución literaria, que: serait une façon de voir comment se constituent dans le temps les règles, les normes et les codes de production; les modes de diffusion ou de réception des produits littéraires et enfin les instances de reconnaissance et de sanction des mêmes produits. At tous ces niveaux, c'est d'une sorte de combat, de rivalités des instances dont vit l'Institution, car celle-ci est faire d'une série d'agents conservateurs et perturbateurs à la fois (1987: 158).

Hai que advertir, sen embargo, contra os perigos dunha hipotética relación directa entre o grao de contigencia institucional e a inestabilidade dos xéneros ou da mesma configuración do canon.

incidencia dos diversos movementos sociais, políticos e culturais, que utilizan a literatura como un discurso social privilexiado para formular propostas reivindicativas, é dicir, antiinstitucionais⁵. Este contexto permite entender a duplicación conflictiva de institucións funcionalmente homologables que caracteriza o panorama cultural galego, sobre todo a partir de 1975. Os enfrontamentos institucionais danse en dous ámbitos distintos, pero mutuamente implicados: dunha banda o conflito multiseccular entre as institucións do goberno central e as institucións públicas ou privadas galegas; doutra, a rivalidade entre as institucións galegas que intentan facerse co monopolio da recuperación cultural do país⁶.

O carácter inorgánico e anti-institucional de moitos axentes colectivos galegos, sobre todo no ámbito da produción cultural, é reflexo dos serios obstáculos cos que se enfrontan para intervir de forma autónoma e efectiva na formulación e execución dunha determinada normativa. As preguntas son inevitables: ¿Como asignar un valor a un texto concreto cando a mesma cultura á que pertence carece do prestixio social necesario para facer utilizable este valor? E se a cultura está privada desa aura necesaria para funcionar como tal cultura, ¿como pode intervir con efectividade unha institución que actúa en nome desa mesma cultura? As distintas respostas a esta complexa situación constitúen a crónica do acontecido a nivel institucional na consolidación da autonomía do discurso literario galego a partir de 1975.

2. Autonomía discursiva.

O sistema literario galego, as súas relacións interxenéricas, así como os intentos de canonización existentes, e as conseguíntes propostas normativas do feito literario, aportan, como veremos, elementos de xuízo valiosos de cara a documentar, sobre todo a partir de 1975, a crecente autonomía do discurso literario galego, e o carácter irreversible deste proceso. A consolidación e expansión das diversas modalidades narrativas, e a súa canonización como o xénero predilecto do mundo editorial galego, permiten deducir unha dinámica cultural cada vez máis complexa, con claras implicacións para o mundo editorial e especialmente para o discurso literario. En canto á poesía deste mesmo período, a diversidade de rexistros, e o culturalismo de que é acusada, poden ser interpretados como indicadores dun esforzo do poeta galego por consolidar unha linguaxe literaria máis autónoma. Xunto a estas transformacións xenéricas detéctanse cambios noutros ámbitos do discurso literario galego: a lenta consolidación do mundo editorial; a creación de organizacións profesionais de escritores; a entrada da literatura galega no sistema educativo; as crecentes subvencións oficiais á creación literaria; a aparición de revistas especializadas; e un corpus crecente de bibliografía crítica.

É fundamental, sobre todo en situacións de marxinalidade, ter en conta a interacción entre as diversas áreas da produción simbólica, e as dificultades que dela se derivan, en parte

5.- O concepto de «sistema literario deficitario», proposto por I. Even-Zohar nun dos seus traballos sobre a teoría dos polisistemas literarios, está baseado no parámetro ou principio xeral de insuficiencia: «This can be based on the notion of system optimum [...] as an indispensable implication of the polysystem hypothesis. The concept of optimum is a hypothesis about the the optimal (1) polysystem structure (i.e., sets of hierarchical relations) as well as the optimal structure of (2) the repertoire(s) considered necessary for those mechanisms of production and consumption without which a system cannot function» (1990: 81). Noutras palabras, todo esforzo institucional basea a súa estratexia nun obxectivo ben definido: a permanente busca do nivel óptimo para o desenvolvemento do sistema literario.

6.- Peter Bürger sinala no traballo xa citado (1983) a coexistencia, obviamente difícil e inestable, de varias institucións que pretenden facerse co control do proceso de lexitimación da produción literaria.

debido ás múltiples funcións que o discurso literario está obrigado a realizar. A partir de 1975, e sobre todo na década seguinte, a sociedade galega amosa un dinamismo de expansión e diversificación que semella ter unha incidencia directa na aparición de fórmulas e propostas que permiten falar dunha crecente autonomía dos espazos discursivos. O literario, no que se inclúe todo o conxunto de institucións que lexitiman a súa actividade⁷, é o que máis dificultades encontra no proceso de crecente autonomía que caracteriza a produción simbólica da sociedade galega actual. As razóns deste feito hai que localizalas na inevitable función reivindicativa que os textos literarios se viron obrigados a desempeñar pola deficiencia e pobre articulación dos demais espazos discursivos⁸. No caso do sistema literario galego percíbese un paulatino distanciamento do discurso literario con respecto a determinadas posicións ideolóxicas nacionalistas⁹. O abandono de determinadas funcións e a incorporación doutras novas caracteriza a produción literaria galega actual, e ó mesmo tempo permite conxectar hipóteses de cara á súa crecente autonomía institucional, ou, o que é o mesmo, a redefinición da súa posición no conxunto dos discursos sociais que actúan na sociedade galega.

O concepto de autonomía aplicado ó espazo literario galego esixe unha aclaración importante: individualmente, o escritor non ten adquirido a condición de profesionalidade que lle permita vivir da escritura, como demostra a necesidade de compartir o seu oficio de escritor con outras ocupacións economicamente máis rendíbles. A emancipación do espazo literario, ou polo menos a súa crecente autonomía, tradúcese nunha liberación do escritor como ente colectivo; é a súa imaxe social a que aparece renovada por esta dispersión do control

7.- France Vernier ofrece un inventario moi útil para unha análise institucional dos distintos aspectos que definen a actividade do discurso literario: les conditions d'émergence des textes, leur production, l'édition, la diffusion, les institutions scolaires et universitaires, les conditions d'apprentissage de la langue, la lecture, les différentes instances législatives en ce domaine, comme les académies, les prix littéraires, les revues, la définition du domaine culturel et des corpus littéraires, etc. sans que, pour le moment, l'on décide qu'un de ces éléments est premier par rapport aux autres, ni même que l'un d'entre eux puisse être premier (1977: 38).

8.- Así o reconece Rafael Chacón, sintetizando un longo proceso histórico da literatura galega: «La literatura aparece ligada a todas las formas de reivindicación que en Galicia se dan tanto culturales, sociales como políticas» (Camp de l'Arpa, 75, 1980). En A Nosa Terra (375, 16-2-1989) pode lerse un artigo firmado por M[anuell] V[eiga], no que se analizan determinados aspectos da cultura galega. O título mesmo resume perfectamente o contido do traballo: «¿Debe ser a nosa cultura universal, urbana, apolítica, erudita e normal?» A relevancia deste traballo reside nas referencias que nel se fan á novela galega dos 80. Este dato demostra que o discurso literario, especialmente o representado polos novelistas máis novos, segue funcionando aínda ó longo da década dos 80 como unha referencia inevitable para entender ou clarificar aspectos básicos da cultura galega.

Esta hipertrofia social do discurso literario é un fenómeno compartido por outras culturas, como amosa a distribución temática das producións editoriais. J.M. Lasagabaster ofrece os seguintes datos para o mundo vasco: «Entre 1960 y 1975 la literatura representa el 41% de los libros publicados en euskera. En 1986, el 24%. Esto quiere decir que son cada vez más numerosos los sectores temáticos a los que está llegando el libro vasco. [...] La literatura constituye hoy [1986] una parte porcentualmente normalizada de los textos que se producen en euskera» (Letras españolas, 1976-1986, 286). E Miguel Prat, nun artigo controversial sobre a situación da literatura catalana, baixo o título de «Literatura catalana postnormal», comenta irónicamente que «en un país cuya seña de identidad cultural última es la lengua [...] la literatura debe correr forzosamente con todos los gastos de representación» (Quimera, 51, [sen data]).

9.- Deste fenómeno dá testemuña a crítica literaria feita dende unha determinada posición nacionalista, representada de forma emblemática polos traballos de F. Rodríguez, sobre todo (1990), para quen as últimas tendencias da literatura galega están caracterizadas por un crecente falseamento con respecto ós vieiros que debería seguir.

discursivo, e pola conseguinte diversificación das institucións que pretenden lexitimar, cada unha desde perspectivas distintas, e incluso opostas, a súa propia imaxe do discurso literario. A imposibilidade da dedicación exclusiva á literatura non desminte, pois, o proceso paralelo de crecente autonomía do espazo literario, coas consecuencias que deste feito se derivan para a imaxe social do escritor.

A pesar das reaccións dunha crítica «radical» que só admite como galego o texto que problematiza determinadas representacións do mundo socioeconómico galego, a «razón social» da literatura a partir de 1975, e sobre todo durante a década dos 80, tense diversificado en correspondencia coa crecente complexidade do espazo discursivo galego. Os escritores coalgáanse para instituír asociacións que non só poidan responder ás razóns sociais que tradicionalmente se lle viñan asignando ó discurso literario galego (reivindicación, crítica, proxección nacionalista), senón tamén ás súas novas dimensións (profesionalización, mercantilización, diversificación xenérica e subxenérica, etc.). Coa consolidación do posfranquismo a ambigüedade que tiña caracterizado ó campo literario galego nas décadas anteriores (ausencia, deficiencia ou imprecisión na delimitación de determinados xéneros, imposibilidade da profesionalización do escritor, etc.) vai transformándose nunha crecente autonomía institucional¹⁰.

«MDNM» As acusacións ó crecente «culturalismo» da literatura que se escribe en galego nesta década dan constancia indirecta desta nova dimensión do feito literario galego. Carlos Casares, xa en 1977, atrevíase a afirmar que «poucos son xa os que se deixan intimidar polas coaccións do terrorismo intelectual. Neste senso, palabras como 'intimista' ou 'culturalista' xa non son recibidos como acusacións» (Teima, 3, 30/12/1976-6/1/1977). A década dos 80 encargaríase de desmentir este optimismo inicial. Nunha enquisa realizada en 1987, e publicada en A Nosa Terra (328, 3-12-1987), destacados representantes da cultura galega ofrecían os seus comentarios a partir da seguinte pregunta: «¿Que mudou nestes dez anos [1977-87]?». Manuel María, na súa condición de escritor, emitía o seguinte balance: «a [galega] é unha poesía descomprometida totalmente coa vida real e comprometida coa vida dos libros. [...] Déronse influencias da poesía cultural e dese culturalismo que está moi de moda». A vivencia deste criterio valorativo segue en activo a finais da década, como amosa o comentario de Pilar Pallarés, que se laía nas páxinas da mesma publicación galega de que «na literatura galega hai moito culturalismo gratuito» (397, 27-7-1989). Uns meses antes, nunha reseña ó libro de A. Figueroa, Diglosia e texto (1988), Manuel Forcadela referíase a esta actitude crítica, que interpreta a ausencia de referencias á cultura popular como un deterioro na consolidación do discurso literario galego (ANT, 375, 16-2-1989).

Que o novo discurso literario reivindique un maior grao de autorreferencialidade, en claro contraste con manifestacións anteriores, consideradas ata moi recentemente como paradigmáticas¹¹, evidencia tensións dentro do sistema literario e demostra a pervivencia en determinados sectores culturais dunha imaxe da literatura galega, segundo a cal o canon estaría

10.- Sen embargo, nun suplemento cultural de La Voz de Galicia (10-12-1981), aínda se afirmaba que «non ten posibilidades profesionais o escritor galego». E. X. Maure un ano máis tarde observaba que «aquí [en Galicia] non hai escritores profesionais, non os pode haber, e non planifican a súa escritura (ensaios, novelas...)» (ANT 205, 5-12/11/1982). Unha vez máis é necesario aclarar que o recoñecemento das múltiples dificultades coas que se enfrenta a profesionalización do escritor galego non permite concluir a inexistencia dunha crecente autonomía do discurso literario galego.

11.- Pénsese nos múltiples esforzos canonizadores que pesan sobre os Cantares reivindicativos de Rosalía de Castro, a narrativa testemuñal de Neira Vilas, ou o verso insurxente de Longa noite de pedra.

representado exclusivamente por textos de temática social e reivindicativa. Este proceso de crecente autonomización do texto literario vai acompañado doutro fenómeno non menos determinante: a adquisición por parte do espazo discursivo literario dunha independencia institucional con respecto a outros espazos sociais¹². Con esta observación non estou suxerindo que o espazo literario (o espazo no que se produce e organiza o discurso literario) estea agora menos determinado polo conxunto das prácticas sociais que caracterizan a sociedade galega; polo contrario, a automatización do discurso literario só pode ser explicado porque as institucións que definen ou delimitan esta fórmula discursiva funcionan agora coa súa propia especificidade ó lado doutros espazos institucionais (o xurídico, o educativo, o político, o relixioso, etc.), dialogando con eles e intervindo, dende a súa propia especificidade, na configuración da matriz discursiva social.

3. Enfrontamento institucional

A análise da institucionalización dun determinado ámbito discursivo, incluído o literario, debe tomar como punto de partida o seguinte principio: «the specifically symbolic power to impose the principles of the construction of reality—in particular, social reality—is a major dimension of political power» (Bourdieu, 1977: 165). A súa constatación faise máis notoria en situacións caracterizadas por relacións de dependencia no control discursivo, o caso da sociedade galega. Paradoxicamente, esta condición privilexia a multifuncionalidade do discurso literario, que canaliza tódalas representacións heterodoxas da realidade. O mesmo P. Bourdieu chama a atención sobre un enfrontamento que ten obvias repercusións para unha análise institucional do discurso literario galego; segundo o sociólogo francés, os grupos marxinais cuestionan as normativas oficiais e delatan a súa arbitrariedade; polo contrario, os grupos no poder defenden a súa lexitimidade (1977: 169). Este conflito produce en situacións de dependencia cultural un aumento das tensións entre os axentes institucionais da ortodoxia oficial e os anti-institucionais, representados por tódolos grupos que, dende perspectivas ideolóxicas distintas, reivindicán a normalización da cultura que eles representan, e por tanto a súa institucionalización.

Son múltiples os indicadores desta tensión na confrontación entre os dous sistemas literarios que actúan en Galicia, o de expresión galega e o que utiliza o castelán. As reaccións á concesión do premio «Nadal» (1991) a Alfredo Conde, ou as sistemáticas acusacións de pseudogaleguismo a determinados escritores (Torrente Ballester e Camilo J. Cela, fundamentalmente) e premios (Premio de Narrativa «Torrente Ballester», instituído pola Diputación de A Coruña)¹³, son algunhas das manifestacións desta permanente oposición entre os dous sistemas literarios que se disputan a hexemonía e o control da produción simbólica da sociedade galega¹⁴.

12.- Para P. Bourdieu, un dos primeiros sociólogos da cultura en analizar a institucionalización dos discursos simbólicos: le degré d'autonomie d'un champ de production restreinte se mesure à son pouvoir de produire e d'imposer les normes de sa production et les critères d'évaluation de ses propres produits, donc de retraduire et de réinterpréter toutes les déterminations externes conformément à ses principes propres (1971: 56).

13.- M. Riveiro Loureiro nun artigo titulado «Unha mención honorífica. Escribir en galego, escribir en castelán» califica de «fraude cultural» este premio (D-16, 25-1-1992).

14.- Para ver como se traduce no novo discurso narrativo galego a oposición entre a ortodoxia e a heterodoxia, pode consultarse X. González-Millán (1991). O paradigma polisistémico de Even-Zohar (1990)

A aludida utilización do discurso literario galego como instrumento reivindicativo permite comprender algunhas das dificultades que obstaculizan o seu funcionamento como un discurso autónomo. A lexitimación exclusiva dun enfoque esencialmente temático e social, xunto coa obstaculización á entrada no sistema literario galego de novas formas de representación (a novela policial e a erótica, entre outras manifestacións recentes), e a súa conseguinte perda de incidencia na institucionalización do discurso literario, representan algúns dos comportamentos que presupoñen afirmacións como a seguinte:

Do punto de vista dos contidos —aproximación ao real sociolóxico— e do punto de vista das formas —intelixibilidade, pensamento e sentimento, como expresión determinante—, o realismo é o grande momento da cultura galega e tamén o elo caracterizador (Rodríguez, 1990: 20)¹⁵.

Esta oposición a facer públicas (=imprimir) determinadas representacións literarias da realidade, e a instrumentalizar o galego para configurar mundos simbólicos cada vez máis diversos, é unha forma de dificultar a recuperación e a lexitimidade da lingua empregada, e de obstaculizar a institucionalización do sistema literario e do espazo discursivo que o sostén.

En relación con esta ampliación de formas, e coa superación dunha atrofia funcional, derivada en gran parte das circunstancias nas que se desenvolvía o discurso literario galego, os seus axentes (produtores, distribuidores e consumidores) enfróntanse á tarefa de institucionalizar as novas experiencias literarias derivadas da cada vez máis obvia distinción entre unha produción simbólica limitada e a dedicada ó «gran público». Ata épocas moi recentes, para os estudiosos da literatura galega o criterio filolóxico do idioma empregado definía a canonicidade dun texto; progresivamente ese criterio está perdendo forza lexitimadora, e está sendo substituído por outros máis complexos, nos que interveñen xuízos de valoración artística, ó lado de criterios comerciais e sociais. A entrada do discurso literario en espazos sociais ata agora inaccesibles (universidade, ensino medio e primario, institucións políticas)¹⁶ existe unha nova formulación nos criterios de institucionalización do discurso literario galego.

4. Funcións institucionais: datos sobre un proceso.

A partir de 1975, tódolos observadores da realidade cultural galega detectan un crecente nivel de consolidación e diversificación das súas manifestacións. O literario, como se observa na creación e reflexión dos escritores máis novos, é un dos discursos que experimenta unha maior transformación, distanciándose progresivamente da súa privilexiada, e difícil, situación na historia moderna de Galicia como instrumento de articulación e lexitimación dunha determinada ideoloxía nacionalista. Os comentarios literarios que Suso de Toro recolle en F.M. (1991) son reveladores dunha crecente vontade de rexeitamento a utilizar o discurso literario para consolidar determinados mitos colectivos. Moita da crítica que se lle fai a esta nova literatura, especialmente desde determinados sectores nacionalistas, subliña concretamente a súa

permite analizar as conflictivas relacións entre sistemas literarios de desigual poder canónico, que é un dos aspectos máis relevantes na análise do complexo proceso de institucionalización do discurso literario galego.

15.- Subliñado no texto orixinal.

16.- O uso que as autoridades autonómicas están a facer do discurso literario está emblematicamente representado pola conferencia de Fraga Iribarne (1990) na clausura do Congreso Internacional da Cultura Galega (Santiago, 27-10-1990).

inoperancia reivindicativa e contestataria en contraste cos textos máis representativos, desde Rosalía de Castro a Celso E. Ferreiro¹⁷.

As reflexións sobre a progresiva institucionalización do discurso literario non proliferan, sen embargo, nos medios intelectuais, a pesar da crecente necesidade de analizar este fenómeno que se fai cada vez máis visible entre os indicadores da rápida transformación que se está operando na sociedade galega. Aparecen, si, e de forma esporádica, algúns comentarios sobre o tema, especialmente no semanario *A Nosa Terra*, que aproveita os números correspondentes ó mes de maio para ofrecer anualmente novas perspectivas críticas sobre a cultura, e máis concretamente sobre o feito literario. No 106 (16-22/5/80), Francisco Carballo firmaba un artigo cun título moi revelador, «Culturalismo e institucións culturais galegas», no que ofrecía unha síntese deste espazo social e denunciaba «a tentación culturalista no presente». No mesmo número transcribíanse as discusións dunha mesa redonda sobre a situación da cultura galega, nas que saía a relucir a necesidade de profesionalizar a produción do mundo simbólico. X. Campos, un dos participantes, admitía que «o da profesionalización é un problema real da cultura»; e Bieito Ledo, xerente entón da editorial Galaxia, recoñecía que «na cultura galega estamos aínda na resistencia camiñando cara a normalización». Estes son algúns dos datos que permiten documentar unha especial toma de conciencia, que xurde a principios dos 80, e que ten como obxectivo reflexionar sobre os desafíos da crecente institucionalización da vida cultural galega.

No número 342 (17-5-1988) inclúense dous artigos: «Literatura e poder institucional», de F. Rodríguez, e «Reflexións incompletas sobre a situación da literatura galega», firmado por X.M. Dobarro e C.P. Martínez Pereiro. Ambolos dous traballos queren ser, desde perspectivas complementarias, un diagnóstico do discurso literario na década dos 80, e especialmente, unha análise sobre o seu crecente proceso de institucionalización. F. Rodríguez identifica unha serie de presupostos e prácticas culturais que afectarían de forma negativa, segundo o articulista, o desenvolvemento do sistema literario galego: a promoción artificial de «xéneros considerados propios da literatura de consumo (novela policíaca, literatura infantil e novelas de aventuras...)»¹⁸; «a promoción de actividades culturais, que teñen un forte soporte literario (revistas, encontros, debates), con ostentación de vangardismo, modernismo ou moda»; a proliferación dunha política de premios orientada a criar unha rede de clientelismo e amiguismo; e «a integración marxinal e academicista do estudo da nosa literatura no sistema educativo». Estas prácticas culturais, promovidas polas diferentes institucións oficiais (literarias e políticas), conducen a «agudizar determinadas tendencias, e a ocultar os graves problemas de fondo con que se topa a literatura galega», que F. Rodríguez enumera nos seguintes termos: a «problemática, cativa e crítica» relación da literatura galega coa súa sociedade; a persistencia das dificultades para unha representación de todo o real na literatura galega; a «proliferación da poesía [...] especialmente dirixida a un círculo de lectores cualificados, indicativa da caréncia de proxectos sociais globais; [...] o reforzamento dos mecanismos

17.- X.M. Salgado caracteriza, e caricaturiza, esta tendencia interpretativa radical, á que non lle «interesa o manexo da palabra de Rosalía de Castro nin a maxia verbal que pode ter un Celso Emilio nos seus versos; o único digno de comentar é o que de reivindicativo poida haber en Cantares gallegos coma en Longa noite de pedra» (CG, 2-6-1991).

18.- A partir de 1985 este tema vai converterse nunha das referencias obrigadas para clasificar a creación e a crítica literarias galegas. Para uns trátase de «escribir de todo e escribir ben» (X.R. Pena, D-16, 25-10-1990); para outros «hoxe por hoxe, é unha certa contradición ser escritor galego e non ter, cando menos, unha conciencia cultural nacionalista» (F. Rodríguez, ANT, 342, 17-5-1988), que debería traducirse, imaxínase o lector, nunha determinada selección temática.

de autorepresión no escritor» reflectido na falta de presenza dos conflitos reais da sociedade galega na literatura, especialmente na novela e no teatro; e finalmente, a ausencia dunha crítica literaria «intelixente».

A análise de Dobarro e Martínez Pereiro suñía uns aspectos do discurso literario galego nos que os autores detectan cambios profundos e desafíos que está a vivir o sistema literario galego como institución: un culturalismo elitista, o reducidísimo número de lectores, a preponderancia de literaturas foráneas, a ausencia de vontade institucional e interés político, o recurso ó ensino como panacea do mundo editorial galego, e finalmente, a situación de marginalidade do galego como lingua pública¹⁹. Con todo, os autores do artigo coinciden en sinalar «que hoxe a nosa literatura está institucionalizándose e conformándose en élite»; este tendencia, continúan argumentando, hai que relacionala «coa ampliación do exercicio da escrita», e co feito de que «o escritor galego é cada vez máis un tipo de intelectual, socialmente o bastante numeroso para constituir-se en mercado de lectores».

Entre as funcións asignadas ás institucións literarias, como en calquera outro tipo de organización, figura en lugar privilexiado a protección dos individuos, neste caso tódolos acentes que se reparten o espazo do discurso literario, é dicir, escritores, editores, distribuidores, críticos, e lectores. Esta primeira función é detectable nunha serie de acontecementos que se producen a partir do 3 maio de 1980, data na que se reúne en Santiago un grupo de escritores que acorda a constitución da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), para defender, segundo consta na acta fundacional, «os intereses da práctica escrita en galego»²⁰. Era a primeira vez, na posguerra, que un colectivo de escritores (Paco Martín, Martínez Oca e Méndez Ferrín, entre outros) se constituía para representar e defender os intereses «profesionais» do escritor en lingua galega²¹. Entre os obxectivos da AELG figuraba, xa entón, o traballar a prol da normalización do feito literario (CG 1/5/1991). En maio de 1980 celébrase a primeira xuntanza que levaría á creación da AELG. Un ano despois celébrase en Poio o «I Congreso de Escritores en Lingua Galega», para reflexionar, segundo Alfonso Pexegueiro, un dos seus organizadores, «sobre a situación da literatura e do escritor en Galicia» (VG 30/4/1981); outros escritores consultados polo mesmo xornal manifestan a necesidade de superar

19.- Fronte a esta situación algúns grupos sociais e políticos promoven, como fórmula compensatoria, determinados xestos simbólicos: por exemplo, a iniciativa de reivindicar o recoñecemento do idioma galego no Parlamento de Estrasburgo (CG, 18-9-1991).

20.- En 1982 M. Riveiro Loureiro pedía a intervención da AELG para reivindicar «o nome da dignidade do escritor-persona», tan aldraxada, segundo o autor, pola política de premios literarios (ANT, 199, 30/7-5/8, 1982). F. Lois Diéguez, dous anos máis tarde, insistía na mesma idea: «Haí unha Asociación coa que hoxe non se quere contar, precisamente a institución máis representativa dos escritores galegos, tanto na ideoloxía como na creación e estilos. Faló, claro está, da AELG. No tema que hoxe traigo aquí é a voz máis autorizada para fixar os criterios básicos que limiten as bases e xurados» (ANT, 254, 27-9-1984).

Non son alleas a este tipo de desafíos as comunidades de escritores españois en castelán. En 1979 celébranse tres congresos de escritores (Palermo, Almería e Las Palmas), nos que se discuten problemas mois semellantes ós tratados pola AELG: a nova definición do discurso literario, a reivindicación de perspectivas históricas renovadoras para entendela, a dimensión xurídico-profesional dos dereitos dos escritores, e as conseqüentes acusacións á Administración. Pode consultarse J.M. Martínez Caehero (1985: 390-392).

21.- A primeira experiencia tivera lugar en 1936. O 30 de marzo xúntase no salón de sesións do Concello de Santiago a intelectualidade galega para fundar unha «Asociación de Escritores de Galicia», que había ter, entre outros obxectivos, o de «categorizar o labor do escritor» galego (Salvador Lorenzana, 1983: 8).

determinadas actitudes elitistas, e «de que se agrupen os escritores para defender a clase»: Rafael Dieste, pola súa banda, subliña un dato de especial relevancia, a «pouca socialibilidade literaria». Nunha entrevista concedida a *A Nosa Terra* (318, 19-6-1987), o entón presidente da AELG, Avilés de Taramancos, afirmaba: «a AELG penso que é a única asociación de escritores que vive e está presente no país, porque a Academia non existe e está totalmente desfasada». No mesmo número da publicación galega dábase conta dun manifesto de escritores pertencentes á AELG, no que se pedía a dimisión do presidente da Real Academia Galega (R.A.G.), o doctor D. García-Sabell. Este acto viña confirmar por parte da Asociación de Escritores a vocación de protagonismo e de incidencia na vida social do país, presentándose como a «outra» institución cultural galega²². Era un paso máis no difícil e complexo proceso de articulación de institucionalización da imaxe social do escritor galego. Méndez Ferrín, un dos firmantes do antedito manifesto, declararíase uns anos máis tarde: «A Real Academia, en realidade, non existe. Non hai, de certo, escritores nela» (CG, 1/5/1991).

Outra asociación, o Pen Club Galego, era admitida no seo do Pen Club Internacional durante o 53 Congreso celebrado en Maastrich (Holanda), no mes de maio de 1989. Houbera un intento anterior de solicitude en 1977, pero fora rexeitada (Feima, 20, 1977). A noticia da constitución desta nova agrupación de escritores suscitou, no seu momento, comentarios de apoio e rexeitamento, nos que se detectaban as fortes presións ideolóxicas a que están sometidas organizacións deste tipo en Galicia (ANT, 389, 1-6-1989).

No II Encontro Galeusca (4-6 de outubro, 1985) recoñeciase unha problemática común ós escritores galegos, vascos e cataláns, centrada na recuperación da normalidade lingüística e cultural, nas relacións cos poderes públicos, na lei de propiedade intelectual, e na política de traducións²³. As conclusións do encontro reflexaban tamén un fronte común, apoiado nunha serie de definicións (a condición mesma de escritor galego, vasco ou catalán), e de reivindicacións en torno á consolidación dunhas institucións capaces de artellar a infraestrutura necesaria para a difusión e representación internacionais das literaturas respectivas en tódolos ámbitos.

O seguinte Encontro Galeusca, celebrado en Santiago (18-19 novembro, 1989), sirveu tamén de plataforma á AELG para difundir un manifesto no que se lles lembraba ós medios de comunicación a súa obriga no espallamento e difusión da literatura galega; denunciábase todo atentado «contra os intereses xerais do escritor-a galegos»; criticábase a inoperancia da R. A. G. e do Consello da Cultura; e a obriga que tiñan as institucións españolas de «garantir [...] o exercicio dos seus dereitos, expresamente os lingüísticos: eliminen, por tanto, das condicións para concederen axudas económicas calesquer de tipo ideolóxico, opinión política, escola literaria, estilo de escritura» (ANT, 409, 23-11-1989).

Se un dos obxectivos das institucións literarias se cifra na imposición de determinados sistemas de normas e valores, é dicir, no control dos procesos de socialización, é lóxico esperar unha crecente institucionalización da literatura galega nos diversos niveis educativos. É este un ámbito no que a literatura galega comeza a intervir no espacio asignado ó discurso li-

22.- Da necesidade de consolidación dunha institución semellante daban idea unhas declaracións de X. Alcalá nas que mostraba o seu disgusto porque «non hai unha voz autorizada colectiva, representativa, que se manifeste en nome dos creadores» (ANT, 302, 23-10-1986).

23.- Neste mesmo ano, Alfredo Conde afirmaba, nunha entrevista a Carmen Parada, que «o día que unha novela galega apareza traducida ó inglés ou ó francés será un día importante para Galicia, os tempos nos que as novelas galegas aparezan normalmente traducidas a outros idiomas serán tempos de fartura para Galicia» (VG, 10-1-1985).

terario na socialización infantil e xuvenil. Non pode esquecerse, sen embargo, que, aínda que as institucións son lugares de dominación e subordinación ideolóxicas a través dos cales se exerce o poder, a condición de cultura marxinal impón determinadas limitacións ó exercicio institucional do espazo discursivo literario galego. Un exemplo facilmente constatable é o representado polo sistema educativo galego, que exerce un poder moi efectivo como institución ideolóxica, pero que non lle permite ó sistema literario galego funcionar como tal, polas múltiples dependencias que obstaculizan esta función: a situación diglósica, a marxinação social do mundo simbólico galego, e a subordinación fronte a outro sistema literario (o de expresión castelá). Esta subordinación explica que a entrada da literatura galega nos plans de ensino non vaia acompañada, polo momento, da incidencia que debería ter entre os diversos discursos simbólicos que actúan nas funcións de socialización do estudiantado, tendo en conta, como sinala A. Viala, que «l'inscription en discipline d'enseignement est la plus efficace légitimation social d'une activité intellectuelle» (1985: 137). A entrada da literatura galega no sistema educativo debería garantir a súa institucionalización definitiva, sen embargo os problemas persisten.

Neste sentido, convén ter en conta algunhas das áreas de interferencia entre a institución literaria e o sistema educativo: en primeiro lugar, o uso pedagóxico da literatura implica un proceso de socialización das normas de escritura, codificadas en determinadas obras literarias, precisamente aquelas que as institucións académicas consideran textos «canónicos»²⁴; e dignos, por tanto, de ser incorporados nos manuais escolares. O mesmo tempo, e como parte deste proceso, a institución literaria é apropiada polas autoridades educativas para establecer unhas normas lingüísticas, que son propostas como modelo de lingua nacional. Esta función está especialmente condicionada, en Galicia, pola situación diglósica.

Como aparato ideolóxico a institución literaria carece hoxe do atractivo e da efectividade que posuía en décadas anteriores; pero esta nova situación non significa, obviamente, a desideoloxización da produción literaria. Como afirma J. Dubois, nun comentario que resulta especialmente pertinente para situacións culturais como a galega, «le corpus littéraire devient réservoir de symboles destinés à alimenter le discours social par un jeu d'emprunts»; sobre todo cando «la sphère littéraire alimente encore généreusement le discours général de ses images et des ses symboles» (1978: 75).

5. O escritor e os medios de comunicación:

Ata ben entrada a década dos 70, a autonomía do escritor galego era máis unha condición imposta por unha situación de dependencia que un desexo, individual e colectivo, de practicar a liberdade da creación literaria. A circulación dos textos reducíase practicamente á comunidade mesma dos escritores²⁵. A disposición da comunidade literaria a partir de 1975,

24.- A Sub-Dirección Xeral do Libro tiña organizadas, ata 1989, catro «Campañas de Fomento da Lectura» en centros de E.X.B., polas que varios miles de estudantes se beneficiaron de encontros con escritores, concursos e outras actividades, encamiñadas a axudarlles a descubrir o placer da lectura en galego. O mesmo tempo, estas campañas facilitaban a incidencia da literatura no sistema educativo, e apoiaban a institucionalización da literatura infantil e xuvenil, consolidando a canonización de certos textos, e ós seus autores.

25.- E. Blanco-Amor e X.L. Méndez Ferrín, dous dos escritores máis representativos deste período, testificaban nas súas propias reflexións a inexistencia dun lector galego real. O primeiro, no seu famoso «Prólogo útil», recoñecía como «dubidosa a existencia mesma dos propios destinatarios, fora das notorias

e máis concretamente na década seguinte, é distinta. Dende varios ámbitos sociais xurden voces que lle recomentan ó escritor unha maior incidencia social, sobre todo a través dos medios de comunicación. Co título de «Escritores para un reto» publica Luis Alvarez Pousa un artigo (VG, 6-11-1980), no que lle reclama ó escritor galego unha nova actitude social: «O labor calado de moitos escritores tivo os seus froitos nos tempos das sombras. E proseguirá. Pero chegou o momento do reto», que para o articulista se traduce en «proxectar o labor do escritor, o labor do intelectual, a traveso dos medios de comunicación», como estratexia encamiñada a unha maior eficacia do seu labor creativo. A cultura do libro, condicionada por unha distribución restrinxida no horizonte da moi limitada expansión do mundo editorial galego, tiña que ceder á cultura dos medios de comunicación, coas lóxicas transformacións na imaxe social do escritor²⁶. Non é anecdótico que Alvarez Pousa enfoque o tema da súa proposta como vocal da primeira Xunta Directiva da AELG. Nesta mesma liña encaixan as palabras de Xavier Alcalá que, uns días antes de celebrarse o I Congreso de Escritores en Lingua Galega (24/5/1981), afirmaba que:

o máis importante é que se erga dunha vez unha voz decindo que non hai nada que facer se non temos en conta que a produción de palabras en grandes cantidades faise pola radio e a televisión; [...] [e que non se debía] saír do congreso sen unha definición definitiva sobre a postura dos escritores sobre os medios de comunicación (VG, 30/4/81)²⁷.

Nun estudio revelador e polémico ó mesmo tempo, Margarita Ledo Andiñón, xornalista e escritora, reflexionaba ó remata da década pasada sobre as dificultades do diálogo entre a escrita literaria e os medios de comunicación galegos. O balance era pesimista: «finalizada a transición política, estabilizada a fórmula estatal bipartidaria como modelo a apoiar por parte dos Medios de Comunicación dominantes, os editores delimitan o campo do galego», que se concreta, segundo a autora, no descenso do uso do idioma, na súa recondución individualizada do «articulista orgánico e achegado cando non para o máis nidio exotismo», ou para a «cativa política» autonómica (1989: 372-73).

minorías e confirmantes escucións» (1972: 17). Pola súa banda, Méndez-Ferrín á pregunta sobre a existencia dun lector en galego, responde: «Eu máis ben diría que non existe» (Salgado e Casado, 1989: 206).

26.- Este novo contexto permite entender unha enquisa de Francisco Alonso sobre os «hábitos e manías dos nosos escritores» (D-16, 9-11-1990). O título, «¿Escribe vostede na bañeira ou prefire a mesiña do seu ordenador?», é un claro indicador da nova imaxe social que está proxectando o escritor galego a través dos medios de comunicación. Un artigo desta natureza sería impensable hai dez anos. Para Andrés Amorós a situación do escritor español, en lingua castelá, non é moi diferente: «como cualquiera de sus colegas de Occidente, el escritor español siente, hoy, que ha cambiado su papel social y político, en una sociedad posindustrial: se encuentra desorientado ante los avances de la técnica. Vacila en su actitud ante los mass media, sin saber bien si cortejarlos o despreciarlos puritanamente [...]. Oscila también entre el horror ante la rebelión de las masas y la búsqueda del best-seller, pretendiendo que no le acuse de integrado pero tampoco de apolítico [...]. En general se replantea cuál es su nuevo papel social - si es que todavía posee alguno— en esta nueva sociedad (1987: 12).

27.- A revista Eneucüllada, no seu número 23 (maio-xuño 1981), recollía algunhas das conclusións do congreso de Poio relacionadas co tema do escritor galego e os medios de comunicación: a esixencia de que os medios de comunicación estatais empreguen o galego nos seus programas; que os medios galegos non reduzan a ghettos as seccións de cultura ou literatura galegas; a creación dunha Facultade de Ciencias da Información no sistema universitario galego; e a reivindicación do dereito dos escritores en lingua galega a non seren traducidos ó castelán nas súas entrevistas.

6. Axentes sociais na produción literaria.

Segundo Dubois, debe considerarse como axente institucional do discurso literario «un rouage institutionnel remplissant une fonction spécifique dans l'élaboration, la définition ou la légitimation d'une oeuvre» (1978: 82). A familia é un dos primeiros axentes sociais na institucionalización do discurso literario; este aspecto, sen embargo, carece dos estudos necesarios que permitan formular calquera tipo de conclusión con respecto á literatura galega, anque non resulta disparatado imaxinar os niveis de autorrepresión que este espazo social produce, dada a situación diglósica prevalente. O sistema xurídico, lexitimador, en última instancia, das diversas formas de censura, é outro dos axentes que intervén de forma determinante na institucionalización do discurso literario. Inexistente xa a censura directa, coa desaparición do réxime franquista, persisten prácticas indirectas de silenciamento, traducidas nunha determinada política de subvencións²⁸, no dirixismo cultural, na selección de tendencias, concesión de premios oficiais, e outras manifestacións que falan de prácticas discriminatorias dende o poder. Esta política cultural non é, obviamente, exclusiva do ámbito galego, como demostra Angel A. Pérez Gómez, nun balance do que ten sido a cultura española ata 1985 (Reseña, 157, xullo-agosto 1985), e que titulaba precisamente «La cultura española de hoy. Entre la protección y el dirigismo». Como tódolos maíos nos que as diversas publicacións galegas ofrecen suplementos especiais sobre a cultura galega, no número 341 de A Nosa Terra (12-5-1988), podíase ler na primeira páxina a seguinte pregunta: «¿Que fan coa nosa cultura?»; Nas páxinas interiores varios colaboradores (Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga e Xan Carballa) reflexionaban sobre o «clientelismo subvencionador» como substituto da política cultural; sobre o «difícil tránsito á modernización» da cultura galega; sobre as interpretacións pesimistas e optimistas como formas de discurso dependente; e finalmente sobre a situación das «culturas periféricas ante a aduana estatal»²⁹.

Ademais dos axentes mencionados (a familia, o sistema xurídico e o económico), existen uns axentes específicos, que aportan unha base concreta e aseguran a función evaluativa e lexitimadora. C.J. Van Rees identifica tres institucións privilexiadas:

journalistic reviewers, essayists and academic critics. Differences between them pertain to their different temporal positions vis-à-vis literary texts and to the vastness of the selection made from literary works of this century or of earlier periods (1983a: 397).

Pero o mesmo crítico reconece que a aceptación social deste proceso valorativo depende dunha serie de factores que, dende o punto de vista institucional, non son facilmente conceptualizables, anque a súa efectividade sexa incuestionable.

28.- Con respecto a este criterio, é unha experiencia bastante frecuente atopar en moitas das novelas recentemente publicadas a seguinte nota: «O proxecto desta novela outorgóuselle en [ano] unha bolsa de axuda á creación literaria da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia»; ou esta outra variante: «Este libro recibiu unha axuda á creación literaria das concedidas no ano [...] polo Ministerio de Cultura, Madrid». Este mecenado oficial non é interpretado, sen embargo, polo escritor subvencionado como unha forma de dependencia. Vaia como exemplo a reportaxe aparecida en La Voz de Galicia (24-9-1989), na que se dá conta da concesión de axudas á creación por parte da Xunta de Galicia. Algúns dos escritores entrevistados reiterábanlle ó xornal a súa absoluta liberdade con respecto ás institucións oficiais.

29.- A dimensión económica deste proceso está protagonizada, fundamentalmente, polo mundo editorial galego, que é un dos aspectos máis significativos no actual proceso de institucionalización do feito literario. Xunto con outros aspectos relacionados con este mesmo fenómeno, é obxecto de estudo nunha publicación que en breve vai editar Xerais de Galicia.

A década pasada rexista unha insólita proliferación de premios literarios³⁰, e dos órganos de prensa consagrados á crítica, é dicir, revistas e suplementos literarios en publicacións periódicas, como demostra un rápido inventario³¹. A explosión de revistas, culturais e literarias, na década dos 80 significaba o recoñecemento institucional dunha diversidade de discursos, de ideoloxías, de proxectos e de formas de interpretar a cambiante realidade galega. Nun suplemento especial da revista Leer (13, xun-set. 1988) dedicado a cartografiar o espazo literario galego, X.M. Álvarez Cáceamo calificaba as revistas culturais e literarias galegas como «plataformas para captar remisos»; e observaba que:

si el campo de las revistas culturales gallegas está hoy relativamente bien cubierto, en cambio el de las literarias muestra espacios vacíos que requieren ser completados con urgencia. Faltan en Galicia, y precisamente cuando está subiendo día a día el nivel de nuestra literatura de creación, revistas estables de poesía y crítica.

A vixencia das revistas de cultura e especializadas como instrumentos indispensables para consolidar a institucionalización do discurso literario galego obsérvase na variedade de intereses e proxectos de cada unha delas. Manuel Forcadela, nun dos suplementos de «Galicia Literaria» publicados por Diario 16 (14-6-1990), recoñecíalles a estas publicacións «a función de soporte teórico explicativo deses textos [literarios], unha función que poderíamos denominar crítica e, ao mesmo tempo, propagandística». E por esta razón, concluía o autor do artigo, poden ser interpretadas como un «signo da maior ou menor normalidade da cultura de calquera país». No mesmo suplemento, X.R. Pena entrevistaba a C. Casares, director de Grial, e a X.L. Méndez Ferrín, responsable de A Traba de Ouro. A unha pregunta sobre o espazo dedicado á crítica literaria en Grial, Casares era tallante:

Iso é algo que queremos consolidar, que sexa realmente sólido en Grial. Efectivamente, unha boa revista ten de ter unha boa crítica literaria. [...] E iso sobre todo, porque desgraciadamente, non existen demasiados espazos entre nós [...] para exercer a crítica.

A mesma pregunta era contestada tamén por Méndez Ferrín nos seguintes termos: «De todos os xeitos, a crítica literaria é esencial e, evidentemente, procuraremos abrir un bo camiño para este apartado». Esta mesma necesidade de abrir espazos á proxección crítica da literatura, e especialmente da galega, era expresada na presentación do primeiro número do Boletín Galego de Literatura: «E notorio que Galicia carece aínda dunha publicación adicada exclusivamente a acoller traballos de Análise, Crítica e Teoría literarias» (Tarrío, 1989: 5).

Pode falarse tamén da práctica inexistencia de escolas ou tendencias literarias perfectamente delimitadas e efectivas como axencias institucionais; en parte, porque o escritor galego é consciente de que traballa nun sistema literario deficitario no que a función das tradicións

30.- Otro dos aspectos analizados na publicación anunciada.

31.- Ata a segunda metade dos 70 a única revista cultural galega era a xa lexendaria Grial (1951-). Nordés, revista de poesía, xurde en 1975; no inverno de 1979 sae Bonaval (un só número), e logo, xa ben entrada a década dos 80, Dorna (1981-), Escrita (1983-85), Festa da palabra silenciada (1984-), Nó (1986/1988), Luzes de Galiza (1985-), Coordenadas (1980-), Agalia (1987-), Boletín Galego de Literatura (1989-), Seiva (1989-), A Traba de Ouro (1990-), e anúnciase a publicación dun Anuario de Estudos Literarios Galegos para 1993. Este inventario, anque incompleto, incorpora as publicacións periódicas máis relevantes. É obrigado mencionar tamén os suplementos literarios, e seccións de cultura, dalgúns dos xornais galegos (El Correo Gallego, Diario 16, Faro de Vigo, La Voz de Galicia) e o semanario A Nosa Terra, que cubriron un espazo crítico, ata moi recentemente pouco e mal cultivado.

literarias apenas conta como principio de organización discursiva. O novo escritor galego, que se dá a coñecer na década dos 80, sinte unha maior tentación por abrir novos espazos en cada un dos xéneros, e por distanciarse dun determinado pasado literario. Neste contexto, é necesario aludir á ausencia de círculos críticos e á inoperancia da R.A.G. Esta deficiencia é tanto máis lamentable se se ten en conta que unha das funcións prioritarias dos primeiros é aportar o recoñecemento de autores e obras, en tanto que institucións como a Academia da Lingua deben consagrar ou lexitimar as valoracións da crítica. A R.A.G carece neste momento da capacidade de lexitimación necesaria para apoiar operacións deste tipo, como documenta *El Correo Gallego* (1-5-1991) nunha enquisa dedicada ó tema do «Día das Letras Galegas». P. García Negro era contundente nas súas declaracións: «Por parte oficial [o Día das Letras Galegas] é unha celebración ritualizada para reservar o enaltecemento do galego, pero non a súa práctica e o seu uso para toda actividade no resto do ano». Obviamente, a efectividade do 17 de maio como proceso de canonización e de institucionalización do discurso literario galego segue dependendo da lexitimidade das institucións oficiais que o patrocinan³².

A desarticulación que caracteriza o exercicio da crítica literaria galega, protagonizada, en gran parte, por esforzos individuais, e sen unha clara idea de programación colectiva, nin sequera no ámbito universitario, impide que o crítico incida máis activamente na institucionalización do feito literario galego. O futuro da crítica literaria galega como institución debe facer fronte a unha serie de retos, que pasan por un proceso de vertebración apoiado na aparición de novas plataformas³³, e pola independencia con respecto ás diversas formacións ideolóxicas que mediaticen e comprometan o exercicio da crítica, como advirte en tono caricaturesco José A[ntón] M[artín]: «Eu creo que non só temos [en Galicia] críticos senón os críticos máis maravillosamente entusiasmábeis de Europa» (ANT, 266, 29/3/1985), referíndose, sen dúbida, á «crítica da amizade», como Xulián Maure caracterizara esta práctica uns anos antes (ANT, 205, 5-12/11/1982). Esta mesma descripción sería utilizada posteriormente por Manuel María: «En canto á crítica sigo pensando que non hai crítica solvente, e o único que se fai é promoción de libros polos amigos do autor» (ANT, 328, 3-12-1987)³⁴.

A ausencia de plataformas potenciadoras da crítica como axente institucional está perfectamente recollida por dous estudiosos da literatura galega, Anxo Tarrío e Carmen Blanco. O primeiro, en referencia á precaria difusión do libro galego, localizábaa de forma case exclusiva en «los suplementos literarios de *La Voz de Galicia* y del *Faro de Vigo*. Qué duda cabe que no pueden recoger todas las críticas potenciales que puedan producirse en Galicia. ¡Altan revistas especializadas, revistas literarias propiamente dichas!» (*El Libro Español*, 309,

32.- Como dato especialmente significativo hai que sinalar un artigo-relato de Suso de Toro, publicado en *A Voz de Galicia*, e logo recollido polo autor en F.M. no que se parodia a festa literaria galega do 17 de maio, co título de «Feliz no teu día» (1991: 54-56).

33.- Xa observaba C. Rodríguez Fer que «a inexistencia en Galicia dunhas tribunas continuadas e inaltrabais que exerzan o papel dun poder fáctico expreso no xuízo literario produce no profano na materia a sensación de que a crítica literaria galega non existe» (VG, 26-5-1983).

34.- Santos Alonso, referíndose ó mundo da crítica literaria xornalística no ámbito da literatura en castelán, sinala dúas posibles razóns para explicar esta nova actitude: en primer lugar, «sobre el crítico pesan demasiado los nombres de los autores y el escalafón de su prestigio; [...] el amiguismo y disimuladas deudas entre autores y críticos que luego se transforman en invitaciones» a todo tipo de actos culturais, «todos ellos remunerados espléndidamente»; en segundo lugar, «la mayoría de los críticos en ejercicio, sobre todo de prensa diaria, tienen muy en cuenta el renombre y poder de las editoriales». Para o autor do artigo estase dando entre editores e críticos unha «especie de sociedad mancomunada en la que los últimos son como intermediarios comerciales» (Reseña, 196, xuño 1989).

1984); esta situación, en opinión de Carmen Blanco, semella non ter cambiado en 1990: «faltan canles de comunicación, o libro galego móvese de orella a orella, non hai unha crítica especializada, nin siquera un verdadeiro servizo de novidades que chegue finalmente ao público» (D-16, 20/9/1990). Se todo discurso social necesita, para a súa supervivencia, dun metadiscurso que o lexitime, é obvio que moitas das deficiencias do sistema literario galego débense á inexistencia ou á inoperancia dun corpus crítico capaz de incidir, de forma activa, sobre a produción literaria mesma, e sobre a súa distribución e consumo.

A constante interacción entre a esfera da produción e a da lexitimación, é dicir, os múltiples casos de interferencia entre os escritores e as axencias institucionais, é unha experiencia facilmente observable na realidade cultural galega, con obvias implicacións para o proceso de institucionalización do feito literario. Unha porcentaxe moi alta de escritores proceden do ámbito do ensino, e exercen como críticos, xurado nos premios literarios e/ou asesores de editoriais³⁵. Moitas veces obsérvase que a condición de escritor facilita a entrada en estamentos públicos, como asesores ou funcionarios. O recoñecemento desta realidade e a constatación do reducido número de persoas dedicadas exclusivamente á literatura permite concluír que en Galicia os dous procesos, o da produción literaria e o da súa lexitimación e institucionalización, están estreitamente relacionados. E que, por tanto, no espazo de produción do discurso literario tódolos elementos que contribúen, dunha forma ou outra, a esta institucionalización están sometidos a unha estreita interdependencia.

7. O estatuto do escritor: a súa imaxe social.

Moitos dos aspectos previamente sinalados apuntan a un cambio de imaxe do escritor galego, como axente colectivo e activo partícipe na institucionalización do discurso literario. Se o estatuto do escritor está relacionado coa posición que ocupa dentro do espazo social ocupado polo discurso literario, é lóxico que os cambios sufridos por calquera das axencias incidan nos demais. Cabe sinalar algúns dos factores que interveñen de forma máis activa na definición da posición do escritor dentro do sistema literario.

En primeiro lugar, a formación, emerxencia e acceso ó poder simbólico do escritor; experiencias que en situacións de marxinalidade, como a galega, adquiren unha especial problematicidade. En segundo lugar, as sempre complexas relacións interpersonais, condicionadas en parte por vencellos xeracionais, pero sobre todo pola participación común nas diversas tarefas de reivindicación nacionalista. Outro factor relevante ten que ver co(s) xénero(s) practicado(s), en relación co lugar que este(s) ocupa(n) dentro do sistema literario. As relacións do escritor coas diferentes axencias de produción e lexitimación da institución literaria (a crítica, o mundo editorial, os medios de comunicación) constitúen un apartado importante; así como as gratificacións e compensacións obtidas no curso da biografía profesional. Finalmente, na configuración da imaxe social do escritor galego pesan os manifestos estéticos, e a concepción mesma da escrita literaria. As xa mencionadas múltiples acusacións contra a literatura máis recente, sobre todo a que se publica a partir de 1985, á que se lle reprocha dende certos sectores da crítica un excesivo culturalismo hermético, demostran os cambios operados

35.- Nun encontro de escritores galegos e portugueses (Santiago, setembro 1991), Alfredo Conde acusaba á escrita galega de ser unha literatura de profesores para profesores; e Suso de Toro falaba do perigo de filoloxización que supón a alta porcentaxe de profesores/escritores (ANT, 489, 19-9-1991).

na diversificación dos rexistros do discurso literario, e a súa lóxica incidencia na imaxe social dos seus cultivadores.

En consonancia coas transformacións apuntadas, o escritor galego vese forzado a reflexionar sobre a súa propia concepción do feito literario, e sobre a condición do escritor nunha situación de marxinalidade histórica. Enganado só dous exemplos relativamente recentes, o de Manuel Forcadela e o de Margarita Ledo, por ser sintomáticos destas transformacións. Esta última reflexiona, no traballo xa citado (1989), sobre a condición do escritor galego como «opoñente» e vangardista. A idea central aparece nidia na primeira páxina: «Nen a resistencia tolleitou o compromiso do escritor coa escrita, nen a literatura coxuntural poderá apañarse como referencia dominante da literatura opoñente». (367) Para M. Ledo o prototipo do escritor galego segue a ser «o escritor da nación, (...) o escritor organizador», (368) anque pesa sobre el a ameaza de substitución pola aparición do «escritor light», (376) que é o resultado dunha serie de factores cada vez máis perceptibles na década dos 80: a nova imaxe do escritor «sen territorio, (...) sen universo cultural ou histórico concreto»; a «tendencia ao dominio dos códigos multinacionais-moi formalizados»; e «a pasividade na iniciativa da creación escrita» (368-69). A síntese proposta por M. Ledo deixa entrever as difíciles e contradictorias circunstancias que condicionan a nova imaxe social do escritor galego:

É certo que unha nova contradicción, nova e performativa contradicción, anda a esfriar o corazón do escritor galego —entendido como grupo social— e teño para min que o seu comén é ese querer ataviarse de figurino-escritor, escritor para a representación; que é ese querer ser moi profesional —mentres agaacha que cómpre vivir de aulas míseras e noitébregas—; que é querer pegar un chouto para o Pen-Club á marxe da súa historia propia ou esesisar, acó e acolá, por entre formularios de sucedo para a literatura de quiosque (367-68).

Manuel Forcadela, escritor e crítico, é un dos membros da nova literatura que máis teñen reflexionado sobre os cambios na imaxe do escritor galego, sobre todo na década dos 80. A el débese unha ponencia moi significativa, presentada no Congreso de Galeuzca (S. de Compostela, novembro 1989), e logo publicada en *A Trabe de Ouro* (1990). Anque o título, «O poeta na Galiza de hoxe», fai explícita referencia a un xénero determinado, as súas conclusións son aplicables ó escritor galego en xeral. Parte da constatación dunha dobre crise: a da poesía como xénero, e a do seu «instrumento fundamental», a lingua. Se a primeira é unha condición compartida con outros moitos espazos culturais, a segunda describe as deficiencias propias das linguas marxinais. A combinación destas dúas encrucilladas obriga a Forcadela a preguntarse pola influencia do público, pola imaxe do autor, e polas ideas preconcebidas con respecto ós xéneros literarios; e todo isto nun profundo cambio de horizonte de expectativas compartido polo escritor e por un público, que a penas agora fai a súa aparición como ente colectivo. Velaquí unha das observacións máis reveladoras desta nova concepción da escrita literaria galega: «O erro consiste (...) en confundir a vida cultural dun país coa produción literaria propia» (77)³⁶. Trátase dun cambio radical na percepción social do discurso literario, como evidencia o seu contraste coas declaracións que aínda a principios dos 80 se segufan oíndo nos medios intelectuais galegos, en relación coa súa situación hexemónica sobre os demais discursos sociais, como reconece o mesmo M. Forcadela cando afir-

36.- Dende outra perspectiva, pero facéndose eco deste mesmo desafío, Manuel Regueiro, na súa condición de máximo responsable da política lingüística da Xunta de Galicia, ó formular o obxectivo do seu departamento, definíao nos seguintes termos: «Consiste sobre todo en non deixar ó galego como un idioma exclusivamente de cultura. Hai que conquistar tamén que sexa un idioma económico, filosófico, periodístico, científico, médico» (CG, 31-3-1991).

ma que «historicamente o escritor galego acadou unha boa parte do seu prestixio e dos seus lectores mercé á súa actitude radical en defensa do idioma e da cultura do seu país» (77)³⁷.

O novo estatuto do escritor galego asume unha serie de contradicións que caracterizan a súa situación. Unha delas derívase da imposibilidade de que a práctica literaria poida fornecer do necesario ó escritor galego, que se ve así obrigado a buscar unha segunda ocupación³⁸. A función literaria pecha ó escritor no seu espazo discursivo, e esíxelle un alto investimento persoal; pero ó mesmo tempo este oficio, e a situación é máis intensa cando está condicionada pola marxinalidade cultural, non recibe o apoio institucional necesario, como demostran as súas dificultades para obter un mínimo recoñecemento social e xurídico.

8. Conclusión.

Convén recordar que a cultura galega está nunha fase de transición, entre o voluntarismo que caracterizaba ata agora as súas empresas culturais e a estabilidade que será conquereda unha vez acadada a normalidade institucional dos múltiples mecanismos que actúan na produción sémica da sociedade galega. Esta transitoriedade, determinada por moitas das contradicións que foron xa sinaladas, é perceptible na nova imaxe social do libro galego. O crecente control comercial do mundo editorial, e a tendencia a ver a produción cultural como símbolo social de cambio, referente de moda ou simple signo externo de benestar, permiten adiviñar a transformación do libro galego en obxecto de consumo, e o seu gradual

37.- A reflexión de M. Forcadela atopou eco na prensa galega. E no no. 457 de ANT (13-12-1990) escribía Manuel Veiga un artigo titulado «Premios e lamentos na cultura do éxito inmediato. As paradoxas do escritor galego», no que salientaba as queixas inxustificadas de Forcadela e dos escritores que están representados pola súa reflexión, porque:

nesta polémica tan mergullada de éxito inmediato que vivimos, escasea a autoerítica. Si existe unha resposta do público galego deixando de mercar, por exemplo unha poesía tan hermética como é parte da que se está a facer [...]. Escasea tamén o interese do escritor polo seguimento de enormes temas que preñan a nosa sociedade e que poden quedar sen reflexo nas nosas letras, mentres unha mancha de autores están dedicados a recriaren xéneros alleos, de antemano e sen se preocupar sequer de reinterpretalos desde un punto de vista propio.

Con este tono de simplificación caricaturizadora M. Veiga descentraba unha necesaria intelección dalgúns dos problemas subliñados por Forcadela. A diversificación temática, por exemplo, que algúns críticos interpretan como unha actitude escapista, pode ser utilizada como un criterio para «reconnaître une position sociologique du texte-auteur en regard de l'univers social et historique» (Dubois 1978: 156), porque a temática no seu conxunto funciona como unha metáfora da posición do escritor na institución literaria.

38.- A principios da década dos oitenta documéntanse moitos comentarios sobre a condición do escritor galego «como novelista de fin de semana, ou poeta dominical», expresións utilizadas por Basilio Losada (VG, 23-8-1981); en termos semellantes se expresa X. Lois Taiibo (ANT, 163, 6-12/11/1981). Nun suplemento cultural de *La Voz de Galicia* deste mesmo ano, no que se inventariaba a produción editorial galega anual, presentábase unha imaxe nada optimista sobre as posibilidades de profesionalización do escritor galego: «As demandas son cativas, escasamente esixentes, e por outra parte, a produción e comercialización do libro cada vez custa máis. Parellamente, a escasez de orixinais. Non ten posibilidades profesionais o escritor galego. A nosa literatura será, xa que logo, de descanso» (VG, 10-12-1981; subliñado meu). Comentarios semellantes emitían os escritores cataláns; o poeta Sala-Valldaura resumía a súa situación do seguinte xeito: «Antes dicíase que os cataláns eran escritores dos domingos pola tarde, agora pode dicirse que somos escritores de todas as tardes. Iso é o que gañamos» (ANT, 274, 18-7-1985).

control comercial e político. Estas dúas tendencias caracterizan a subdesenvolta infraestrutura cultural galega, como demostraba un número monográfico do suplemento cultural «Artes e Letras», do Faro de Vigo (26-5-1985), dedicado á «Industria cultural» galega. O coordinador, José A. Perozo, iniciaba a serie de artigos declarando que «a definitiva normalización da cultura galega moderna pasa polo vicio do bon funcionamento dunha industria cultural potente e anovadora»: para logo facerse as preguntas de rigor:

¿Existe en Galicia unha industria cultural mínima? ¿Cal é a infraestrutura coa que contamos e coa que contaremos cara ó porvir? ¿Estanse a chantar os medios para facermos da cultura galega unha realidade firme e con entidade?

A resposta era sempre a mesma: «A cultura galega mantense nun ghetto testemuñal e amedrentado pola falla de empresas culturais serias con mentalidade moderna». Neste mesmo número monográfico firma un artigo Xulio Font, quen, ó facer un repaso das industrias culturais, observa «a gran distancia existente entre o pulo creativo que hoxe vivimos en Galicia e a súa escasa incidencia na sociedade». O título mesmo, «A casa polo tellado», constitúe, quizais, a mellor imaxe da insuficiencia institucional da cultura galega na década dos 80. Un diagnóstico semellante é compartido polos primeiros balances da década dos 90, nos que segue predominando un tono pesimista e pouco esperanzador, proba evidente de que os desafíos e obstáculos seguen aí, esixíndolles ós axentes institucionais do discurso literario galego un esforzo de imaxinación crítica e creativa.

Bibliografía

- Amorós, Andrés. 1987. Introducción: una década de literatura española. En *Letras españolas 1976-1986*. Madrid: Castalia.
- Angenot, Angenot. 1984. *Glossário da crítica contemporânea*. Lisboa: Editorial Comunicação.
- Bennett, Tony. 1990. *Outside Literature*. Londres: Routledge.
- Blanco-Amor, Eduardo. 1972. «Prólogo útil». En *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia, 1972.
- Bourdieu, Pierre. 1971. *Le marché de biens symboliques*. *L'Année Sociologique* 22: 49-126.
- Bourdieu, Pierre. 1977. *Outline of a Theory of Practice*. Cambridge: Cambridge Univ. Press..
- Bürger, Peter. 1983. *Literary Institution and modernization*. *Poetics* 12: 419-433.
- Dubois, Jacques. 1978. *L'institution de la littérature. Introduction à une sociologie*. Brussels: Nathan-Labor.
- Even-Zohar, Itamar. 1990. *Polysystem Studies*, número monográfico de *Poetics Today* 11, 1.
- Figueroa, Antón. 1987. *Diglosia e texto*. Vigo: Xerais.
- Forcadela, Manuel. 1990. *O poeta na Galiza de hoxe*. *A Trabe de Ouro*. 1: 73-78.
- Foucault, Michel. 1971. *L'Ordre du discours*. París: Gallimard.
- Fowler, Roger (ed). 1990. *A Dictionary of Modern Critical Terms*. Londres: Routledge.
- Fraga Iribarne, Manuel. 1990. *A cultura galega: pasado, presente, futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- González-Millán, Xoán. 1991. *Silencio, parodia e subversión*. Vigo: Xerais.
- Ledo Andión, Margarita. 1989. *Escritores en lingua galega: opoñentes, orgánicos, mediáticos*. *Cuadernos Interdisciplinarios de Estudios Literarios* Vo.1, no.2: 367-76.
- Martínez Cachero, José M. 1985. *La novela española entre 1936 y 1980. Historia de una aventura*. Madrid: Castalia.
- Moisan, Clément. 1987. *Qu'est-ce que l'histoire littéraire?* París: PUF.

A INSTITUCIONALIZACIÓN DO DISCURSO LITERARIO GALEGO (1975-1990)

- Rees, C.J. van. 1983. Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach. *Poetics* 12: 285-310.
- Rees, C.J. van. 1983a. How a Literary Work Becomes a Masterpiece: On the Threefold Selection Practised by Literary Criticism. *Poetics* 12: 397-417.
- Rodríguez, Francisco. 1990. *Literatura galega contemporánea (Problemas de método e interpretación)*. Pontevedra: Do Cumio.
- Salgado, Xosé M. e Casado, Xoán M. 1989. X. L. Méndez Ferrín. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Salvador Lorenzana (Fernández del Riego, Francisco). 1983. Unha asociación de escritores galegos malograda. *Escrita* 1: 8.
- Tarrío Varela, Anxo. 1989. Presentación. *Boletín Galego de Literatura* 1: 5-6.
- Toro, Suso de. 1991. F.M. Santiago: Positivas.
- Vernier, France. 1974. *L'écriture et les Textes. Essai sur le phénomène littéraire*. Paris: Éditions Sociales.
- Viala, Alain. 1985. *Naissance de l'écrivain. Sociologie de la littérature à l'âge classique*. Paris: Ed. de Minuit.